

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA**

REAL DECRETO 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

A Constitución, no seu artigo 132.2, establece que son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e da plataforma continental. Así mesmo, o artigo 149.1.23.^a establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.tres que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condicións a que deben axustarse os traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia adoptou, na súa reunión do día 9 de abril de 2025, o Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, que se eleva ao Goberno para a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta do ministro de Política Territorial e Memoria Democrática, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de maio de 2025,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación do Acordo da Comisión Mixta*

Apróbase o Acordo da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, de traspaso de funcións e servizos da Administración do

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, adoptado polo Pleno da devandita comisión na súa reunión do día 9 de abril de 2025 e que se transcribe como anexo deste real decreto.

Artigo 2. Traspaso de funcións e servizos

En consecuencia, quedan traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral, segundo figura no Acordo da Comisión Mixta e nos termos e condicións que alí se especifican.

Artigo 3. Efectividade do traspaso

O traspaso será efectivo a partir da data sinalada no Acordo da Comisión Mixta.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este real decreto será publicado simultaneamente no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, e adquirirá vixencia o día da súa publicación.

Dado en Madrid o 13 de maio de 2025

Felipe R.

Ángel Víctor Torres Pérez

Ministro de Política Territorial e Memoria Democrática

ANEXO

Jorge García Carreño e Guillermo Folgueral Madrigal, secretarios da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía para Galicia,

CERTIFICAN:

Que na sesión plenaria da Comisión Mixta de Transferencias, celebrada o día 9 de abril de 2025, se adoptou o Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, nos termos que a continuación se expresan:

A) Referencia ás normas constitucionais, estatutarias e legais en que se ampara o traspaso.

A Constitución, no seu artigo 132.2, establece que son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e da plataforma continental. Así mesmo, o artigo 149.1.23.^a establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.tres que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condicións a que deben axustarse os traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre a base destas previsións normativas procede formalizar o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

B) Funcións e servizos da Administración do Estado que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre no litoral de Galicia, respectando o réxime xurídico vixente, as seguintes funcións e servizos que, no ámbito da administración, a inspección e a potestade sancionadora, vén desempeñando a Administración xeral do Estado:

1. En relación coas autorizacións de usos de tempada nas praias e no mar territorial (zonas de fondeo, pantaláns flotantes e usos análogos); coas autorizacións de actividades

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



en que concorran circunstancias especiais de intensidade, perigosidade ou rendibilidade, e coas autorizacións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles:

a) A súa xestión e outorgamento.

b) A súa vixilancia e a tramitación e imposición das sancións que correspondan, así como a recadación das multas, no que se refire ao incumprimento dos termos en que foron outorgadas.

2. A xestión e outorgamento de autorizacións en zonas de servidume de tránsito e acceso ao mar, así como a vixilancia e tramitación, imposición e recadación das sancións que corresponda, no que se refire ao incumprimento dos termos en que foron outorgadas.

3. A xestión das concesións demaniais a que se refire o artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción. As ditas concesións son as seguintes:

a) As requiridas para efectuar verteduras ao dominio público marítimo-terrestre e as de ocupación do dominio público marítimo-terrestre exixidas para as explotacións de acuicultura.

b) As que amparan usos especialmente intensos, rendibles ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalacións desmontables que, pola súa natureza, finalidade ou outras circunstancias, requiran un prazo de ocupación superior a catro anos.

c) As concesións amparadas por outra concesión de explotación de recursos mineiros ou enerxéticos.

d) As que amparen usos especialmente intensos, rendibles ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalacións non desmontables. Igualmente, as concesións que posibiliten a execución de obras fixas no mar e aquelas que amparen as instalacións marítimas menores no dominio público marítimo-terrestre, tales como embarcadoiros, pantaláns, varadoiros etc., que non formen parte dun porto ou estean adscritas a este.

4. A vixilancia, tramitación e imposición das sancións que correspondan, así como a recadación das multas, no que se refire ao incumprimento das condicións de outorgamento das concesións demaniais mencionadas no artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo.

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



5. A xestión do rexistro de concesións en dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. A emisión do informe previo ao rescate das concesións demaniais cando, por razóns de interese xeral, sexa competencia da Administración xeral do Estado o exercicio desta función.

7. A planificación, elaboración e aprobación de proxectos, xestión e execución de obras e actuacións que non sexan de interese xeral.

C) Funcións e servizos que reserva para si a Administración do Estado.

1. A Administración xeral do Estado reserva para si as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

O Estado recadará o importe dos canons para a utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e a Comunidade Autónoma de Galicia recadará, se é o caso, os outros gravames para a explotación da actividade que se poidan establecer, sen prexuízo de que ambas as partes acorden mecanismos para facilitar esta xestión aos usuarios.

2. A Administración xeral do Estado reserva para si a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o exixa.

3. A Administración xeral do Estado reserva para si o exercicio da potestade sancionadora derivada da titularidade estatal do dominio público marítimo-terrestre que non se refiran ás infraccións por incumprimento dos títulos cuxa xestión corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia segundo o previsto nas epígrafes B).1, B).2 e B).3.

D) Funcións concorrentes da Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia e formas de cooperación.

1. No que se refire á utilización e xestión do dominio público marítimo-terrestre adscrito para a construción de novos portos e vías de transporte da súa titularidade, ou de ampliación ou modificación dos existentes, a Comunidade Autónoma de Galicia informará o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico acerca do interese e obxectivo da adscrición.



O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no prazo de dous meses emitirá un informe de adscrición en que se pronunciará sobre a integridade do dominio público marítimo-terrestre, a prevención ambiental ou a garantía de uso público. O dito informe será vinculante en canto á delimitación do dominio público marítimo-terrestre susceptible de adscrición, usos previstos e medidas necesarias para a protección do dominio público. En ausencia de informe no prazo sinalado, proseguirase a tramitación do expediente. En caso de discrepancia entre ambas as administracións, abrírase un período de consultas co fin de chegar a un acordo.

2. No que se refire aos informes que, relativos ao cumprimento do réxime xeral do dominio público marítimo-terrestre (integridade física e garantía de libre acceso para os usos comúns), debe emitir a Administración xeral do Estado en relación cos plans e normas de ordenación territorial e o plan urbanístico, e a súa modificación e revisión, incluíndo os plans especiais de ordenación de fachada marítima e os plans que desenvolven o sistema portuario, no caso de que o dito informe non sexa favorable, abrírase un período de consultas entre ambas as administracións co fin de chegar a un acordo.

3. No que se refire ás concesións demaniais reguladas no artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, a Comunidade Autónoma de Galicia notificará á Administración xeral do Estado cada solicitude en tramitación para que, no prazo máximo de dous meses, emita por escrito o seu criterio en relación coa garantía da integridade física e do uso público do dominio público marítimo-terrestre. En caso de discrepancia entre ambas as administracións, abrírase un período de consultas co fin de chegar a un acordo durante un período máximo dun mes desde que a discrepancia se poña de manifesto.

4. No aspecto funcional poderanse arbitrar fórmulas de colaboración para o mellor cumprimento das funcións de ambas as administracións, sen prexuízo das respectivas competencias, e, en particular, en relación co exercicio das potestades sancionadoras das respectivas administracións.

5. En materia de investimentos en obras de interese xeral situadas na Comunidade Autónoma de Galicia, a Comunidade Autónoma participará na forma seguinte:

a) A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma crearán, antes da data de efectividade deste acordo de traspaso, unha comisión bipartita que terá, ademais das que poida acordar a propia comisión, as seguintes funcións:

– A participación, a través da facultade de proposta ou informe, na planificación e programación das obras que fosen previamente declaradas de interese xeral.

CVE-DOG: k8kjyma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



– A participación, a través da facultade de proposta ou informe, na incorporación ao anexo de investimentos do anteproxecto de orzamentos xerais do Estado de cada ano, das obras de interese xeral.

b) A Comunidade Autónoma de Galicia participará, a través da facultade de proposta ou informe, na tramitación dos proxectos que realice a Administración xeral do Estado de obras de interese xeral a que se refire o artigo 111 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Neste sentido, durante a tramitación do procedemento solicitarase informe da Comunidade Autónoma conforme o previsto no artigo 98 do Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

c) Para a execución das obras de interese xeral sinaladas no punto anterior, solicitarase informe á Comunidade Autónoma para que, no prazo dun mes, notifique a conformidade ou desconformidade da obra cos instrumentos de planificación do territorio, calquera que sexa a súa denominación e ámbito, que afecten o litoral, e co planeamento urbanístico en vigor, conforme o previsto no artigo 111.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo e, en particular, en relación co exercicio das potestades sancionadoras das respectivas administracións.

6. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Comunidade Autónoma de Galicia poderán colaborar mediante os oportunos convenios no desenvolvemento do estudo, execución e xestión de obras que sexan competencia de ambas as administracións.

7. A Comunidade Autónoma de Galicia proporcionará á Administración xeral do Estado os datos relativos a concesións e autorizacións do dominio público marítimo-terrestre que outorgue.

8. Co obxecto de garantir a adecuada cooperación, créase unha comisión de seguimento do traspaso, de composición paritaria e constituída por seis membros: tres designados pola Administración do Estado e tres pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Comisión promoverá a colaboración no ámbito da xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre e, se é o caso, da cooperación transfronteiriza respecto diso, abordando os problemas de execución que poidan formularse e resolvendo os conflitos e discrepancias respecto á dita xestión.

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



Así mesmo, na devandita comisión coordinaranse as actuacións precisas para a entrega da documentación e datos de expedientes en tramitación e relación de ocupacións irregulares, así como expedientes das funcións e servizos que se traspasan, de acordo coa epígrafe H) deste acordo.

A Comisión de Seguimento reunirase, polo menos, unha vez ao ano e, adicionalmente, por pedimento de calquera das dúas administracións.

E) Bens, dereitos e obrigacións que se traspasan.

1. Traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia os bens, dereitos e obrigacións que corresponden ás funcións e servizos traspasados e que se detallan na relación adxunta número 1.

2. No prazo de tres meses desde a data de entrada en vigor do real decreto polo que se aproba este acordo asinaranse, se é o caso, as correspondentes actas de entrega do inmovible e recepción de mobiliario, equipamentos e material inventariable.

3. No suposto de que fose necesario introducir correccións ou rectificacións na citada relación, levaranse a cabo, logo de constatación por ambas as administracións, mediante certificación expedida pola Comisión Mixta de Transferencias.

F) Persoal e postos de traballo que se traspasan.

1. O persoal e postos de traballo vacantes adscritos aos servizos que se traspasan aparecen referenciados nominalmente na relación adxunta número 2, de acordo co precisado no Acordo complementario número 2. O dito persoal pasará a depender da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos legalmente previstos polo Estatuto de autonomía e demais normas en cada caso aplicables e nas mesmas circunstancias que se especifican nos seus expedientes de persoal.

2. A Subsecretaría do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico notificará aos interesados o traspaso e a súa nova situación administrativa tan axiña como o Goberno aprobe este acordo mediante real decreto.

Así mesmo, remitirase aos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia unha copia certificada de todos os expedientes deste persoal traspasado, así como os certificados de haberes referidos ás cantidades devindicadas por eles durante 2025.

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



3. No suposto de que fose necesario introducir correccións ou rectificacións na citada relación, levaranse a cabo, logo de constatación por ambas as administracións, mediante certificación expedida pola Comisión Mixta de Transferencias.

G) Valoración das cargas financeiras correspondentes ao traspaso.

1. A valoración provisional, en valores do ano base 2007, que corresponde ao custo efectivo anual das funcións e servizos que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia, elévase a 892.917,59 euros, condicionada ao establecido no Acordo complementario número 2.

A dita valoración será obxecto de revisión nos termos establecidos no artigo 21.1 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

2. O financiamento, en euros de 2025, que corresponde ao custo efectivo anual das funcións e servizos traspasados, detállase na relación adxunta número 3, condicionada ao establecido no Acordo complementario número 2.

3. Transitoriamente, mentres non se produza a revisión do Fondo de Suficiencia Global como consecuencia da incorporación a este do custo efectivo deste traspaso, este custo financiarase mediante a consolidación na sección 38 dos orzamentos xerais do Estado, dos créditos relativos aos distintos compoñentes do devandito custo, polos importes que se determinen, susceptibles de actualización polos mecanismos xerais previstos en cada lei de orzamentos.

4. Con carácter adicional, transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia, por unha soa vez e sen integrarse no custo efectivo anual, a cantidade de 687.332,90 euros.

H) Documentación e expedientes das funcións e servizos que se traspasan.

A entrega da documentación e expedientes dos bens e servizos que se traspasan realízase con anterioridade á data de efectividade deste acordo.

I) Data de efectividade do traspaso.

O traspaso de funcións e servizos obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 1 de xullo de 2025.

E para que conste, expídese esta certificación en Santiago de Compostela o 9 de abril de 2025. Os secretarios da Comisión Mixta. Asdo. Jorge García Carreño e Guillermo Folgueral Madrigal.

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8



Relación número 1**Vehículos que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia**

Matrícula	Modelo	Data de matriculación
MMA-05108	Toyota Land Cruiser	2017
MMA-05628	Ford Kuga Diesel	2020
MMA-05794	Renault Captur PHEV	2021
MMA-05810	Ford Kuga Diesel	2021
MMA-06340	Mitsubishi Eclipse	2023
MMA-04838	Citroën Berlingo	2015
MMA-05839	Ford Kuga	2021
MMA-04836	Citroën Berlingo	2015
MMA-04956	Citroën Berlingo	2016
MMA-05638	Ford Kuga Diesel	2021
MMA-06492	Ford Kuga Gasolina Híbrido	2024





Relación número 2

Medios persoais que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia

2.1 Persoal funcionario

Unidade	Código posto	Residencia	Posto	Nivel	Grao persoal	Grupo	Apelidos e nome	DNI	Soldo	Comp. destino	Comp. específico	Trienios	Productividade	Total anual	Seguridade Social	Sumas
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5018792	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección de Asuntos Xerais	22	22	C1	Castro Cagiao, Carmen	*2801***	11.826,64 €	8.540,00 €	5.471,90 €	4.396,68 €	0,00 €	30.235,22 €	0,00 €	30.235,22 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5271680	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	18	18	C1	Fernández Araujo, María Sol	****6722	11.826,64 €	6.613,18 €	4.681,60 €	3.796,68 €	0,00 €	26.918,10 €	0,00 €	26.918,10 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4278971	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección Técnica	24	20	A2	Fugarolas Álvarez-Ude, Susana	**8*82*6	15.441,76 €	9.764,02 €	9.065,56 €	1.121,08 €	0,00 €	35.392,42 €	8.294,57 €	43.686,99 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5366080	Ferrol	Axente Ambiental	16	16	C1	Galán Fontenla, Pablo	4689****	11.826,64 €	5.861,66 €	8.161,72 €	2.163,90 €	0,00 €	28.013,92 €	7.429,29 €	35.443,21 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4967583	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	16	17	C1	Gómez Castelos, Susana	**1612**	11.826,64 €	6.237,00 €	4.681,60 €	2.065,56 €	0,00 €	24.810,80 €	0,00 €	24.810,80 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4685342	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	18	18	C1	González Varona, Roberto	**9724**	11.826,64 €	6.613,18 €	4.681,60 €	3.929,46 €	3.600,00 €	30.650,88 €	0,00 €	30.650,88 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	2557706	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección Técnica N24	24	24	A2	Pena Miramontes, Paula María	**16*468	15.441,76 €	9.764,02 €	8.356,74 €	2.802,70 €	0,00 €	36.365,22 €	0,00 €	36.365,22 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4347042	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	16	16	C1	Souto Cardelle, Marcos	4482****	11.826,64 €	5.861,66 €	4.681,60 €	1.898,34 €	0,00 €	24.268,24 €	0,00 €	24.268,24 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5809365	Lugo	Xefe/Xefa de Sección	20	00	A2	Lamelo Fernández, Enrique	*****899	15.441,76 €	7.365,26 €	4.293,66 €	0,00 €	0,00 €	27.100,68 €	6.351,32 €	33.452,00 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5437148	Foz	Axente Ambiental	16	16	C1	Maseda Ferreiros, José María	77*9****	11.826,64 €	5.861,66 €	8.161,72 €	3.796,68 €	0,00 €	29.646,70 €	7.862,30 €	37.509,00 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5394781	Foz	Axente Ambiental	16	16	C1	Rocha Fernández, José	*7*97**9	11.826,64 €	5.861,66 €	8.161,72 €	2.631,12 €	0,00 €	28.481,14 €	7.553,20 €	36.034,34 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	2010271	Lugo	Xefe/Xefa de Negociado	16	16	C1	Rocha Mayo, Tania	33***61*	11.826,64 €	5.861,66 €	4.681,60 €	432,78 €	0,00 €	22.802,68 €	5.344,04 €	28.146,72 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	5442642	Pontevedra	Técnico/Técnica	20		A2			15.441,76 €	7.365,26 €	6.605,76 €	0,00 €	0,00 €	29.412,78 €	0,00 €	29.412,78 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	5717980	Pontevedra	Axente Ambiental	16	00	C1	Arias Muñoz, José María	****4414	11.826,64 €	5.861,66 €	8.161,72 €	3.895,02 €	0,00 €	29.745,04 €	7.888,38 €	37.633,42 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	5571518	Pontevedra	Axente Ambiental	16	17	C1	López Sampayo, Manuel	**4224**	11.826,64 €	6.237,00 €	8.161,72 €	732,78 €	0,00 €	26.958,14 €	6.398,78 €	33.356,92 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	2260090	Pontevedra	Xefe/Xefa de Sección Técnica	24	24	A2	Portela Pastrana, Virginia Pilar	***621*8	15.441,76 €	9.764,02 €	7.261,38 €	1.681,62 €	0,00 €	34.148,78 €	8.003,11 €	42.151,89 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	2817805	Pontevedra	Xefe/Xefa de Negociado	18	16	C1	Torres García, M. Esther	3*310***	11.826,64 €	6.613,18 €	4.681,60 €	4.096,68 €	0,00 €	27.218,10 €	0,00 €	27.218,10 €
Total	17								219.128,48 €	120.046,08 €	109.953,20 €	39.441,08 €	3.600,00 €	492.168,84 €	65.124,99 €	557.293,83 €





2.2 Persoal laboral

Unidade	Código posto	Residencia	Posto	Grupo	Apellidos e nome	DNI	Soldo 14 pagas	Trienios	Comp. persoal antigüidade	Complementos	Total anual	Seguridade Social	Sumas
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923738	Ribeira	3G - Vixilancia do dominio público	3G			21.305,34 €	0,00 €	0,00 €	2.734,68 €	24.040,02 €	0,00 €	24.040,02 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923175	Coruña, A	4G - Administración	4G			18.430,86 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	18.430,86 €	0,00 €	18.430,86 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4924887	Coruña, A	4G - Administración	4G			18.430,86 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	18.430,86 €	0,00 €	18.430,86 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5330396	Coruña, A	1G - Administración	1G	Adán Vázquez, María	****8386	32.465,02 €	2.138,50 €	0,00 €	0,00 €	34.603,52 €	11.097,35 €	45.700,87 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5602424	Coruña, A	M1 - Proxectos de obra civil	M1	Corte García, Aroa	****1090	21.305,34 €	427,70 €	0,00 €	0,00 €	21.733,04 €	8.099,90 €	29.832,94 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923918	Coruña, A	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Burón Eiras, José Luis	*2*82*6*	21.305,34 €	3.421,60 €	1.655,08 €	2.734,68 €	29.116,70 €	10.851,79 €	39.968,49 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4921171	Coruña, A	3G - Informática	3G	García Pereiro, José Manuel	***8246*	21.305,34 €	3.849,30 €	1.726,76 €	0,00 €	26.881,40 €	8.620,86 €	35.502,26 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923911	Ferrol	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Rodríguez, Edelmiro	*26*2*8*	21.305,34 €	3.849,30 €	827,54 €	2.734,68 €	28.716,86 €	10.702,77 €	39.419,63 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4925423	Coruña, A	E2 - Condución de vehículos de transporte por estrada	E2	Varela Barreiro, Alejandro	*5905***	18.430,86 €	855,40 €	0,00 €	0,00 €	19.286,26 €	6.214,03 €	25.500,29 €
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923744	Mañón	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Vigo Rodríguez, Alejandro	*26***64	21.305,34 €	3.849,30 €	778,26 €	2.734,68 €	28.667,58 €	10.684,41 €	39.351,99 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	4921497	Foz	Técnico superior	G3			20.715,10 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	20.715,10 €	0,00 €	20.715,10 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	4927292	Lugo	Técnico superior	G3			20.715,10 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	20.715,10 €	0,00 €	20.715,10 €
Servizo Provincial de Costas. Lugo	4926935	Lugo	E1 - Servizos administrativos	E1	Martínez Caballero, Pilar	*286*55*	17.923,36 €	3.849,30 €	1.241,52 €	0,00 €	23.014,18 €	7.380,65 €	30.394,83 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923777	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G			21.305,34 €	0,00 €	0,00 €	2.125,56 €	23.430,90 €	0,00 €	23.430,90 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4920661	Pontevedra	3G - Administración	3G			21.305,34 €	0,00 €	0,00 €	1.984,44 €	23.289,78 €	0,00 €	23.289,78 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923773	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G			21.305,34 €	0,00 €	0,00 €	2.734,68 €	24.040,02 €	0,00 €	24.040,02 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923813	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G			21.305,34 €	0,00 €	0,00 €	2.734,68 €	24.040,02 €	0,00 €	24.040,02 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923776	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Cambra Vázquez, Antonio Bernabé	7690****	21.305,34 €	2.138,50 €	0,00 €	2.734,68 €	26.178,52 €	9.756,73 €	35.935,25 €
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923775	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Jesús Álvarez, José Luis de	*60*6*8*	21.305,34 €	3.849,30 €	1.726,06 €	2.734,68 €	29.615,38 €	11.037,65 €	40.653,03 €
Total	19						402.775,24 €	28.228,20 €	7.955,22 €	25.987,44 €	464.946,10 €	94.446,14 €	559.392,24 €

Relación número 3**Valoración do custo efectivo****Sección 23 Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico***(Euros 2025)**Servizo 01. Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais**Programa 451O Dirección e Servizos Xerais para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico*

Capítulo	Importe
Capítulo 1	17.101,14 €
Total	17.101,14 €

*Servizo 12. Dirección Xeral de Servizos**Programa 451O Dirección e Servizos Xerais para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico*

Capítulos	Importe
Capítulo 1	1.473,70 €
Capítulo 2	61.820,90 €
Total	63.294,60 €

*Servizo 06. Dirección Xeral da Costa e o Mar**Programa 456D Actuación na costa*

Capítulos	Importe
Capítulo 1	1.129.681,45 €
Capítulo 6	9.023,19 €
Total	1.138.704,64 €

Total custo efectivo: 1.219.100,38 euros

CVE-DOG: k8kijma8-5n47-0nk9-wdx1-fn6xhgv1jq8

